



Concello de Vigo
Expte. 4594/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 15/2024

SESIÓN ORDINARIA (agosto) DO 9 DE SETEMBRO DE 2024

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 29 de xullo e extraordinaria do 20 de agosto de 2024.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

- 2.** Determinación das festividades locais no ano 2025. Expediente Pleno 4567/1101.

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao ano 2023. Expte. 279/143 (Expte. Pleno 4539/1101).
- 4.** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao segundo trimestre do 2024, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 287/143 (Expte. Pleno 4575/1101).

Mocións:

- 5.** Moción do grupo municipal do BNG sobre medidas para a mellora da conexión ferroviaria de Vigo e a súa Área Metropolitana. Expte. Pleno 4599/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a asumir os custos de SOGAMA, a través do canon desta entidade autonómica. Expte. 4602/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a investir na mellora, aproveitamento e enriquecemento dos espazos exteriores dos centros educativos públicos vigueses. Expte. Pleno 4603/1101.

8. Moción do grupo municipal Socialista esixindo responsabilidades políticas pola actuación do ex-presidente da Xunta de Galicia e do actual, así como os responsables políticos da Consellería de Sanidade na data da toma de decisión da alternativa de construción e explotación do Hospital Alvaro Cunqueiro. Expte. 4604/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

9. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando a creación dunha Comisión Especial de Investigación para analizar as circunstancias nas que se produciu e rodearon o accidente mortal na atracción do Saltamontes nas Festas de Matamá. Expte. Pleno 4600/1101.

Resolucións.

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/07/24 e o 30/08/24, incluídas no expediente 1737/1102 (Expte. Pleno 4595/1101)
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 22/07/24 e o 30/08/24, incluídas no expediente 1738/1102 (Expte. Pleno 4596/1101).
12. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 24.07.23, de declaración de loito oficial polos falecidos no naufraxio do buque pesqueiro Argos Georgia en Malvinas. Expte. 1309/1102 (Expte. Pleno 4597/1101).

13. Formulación de rogos.

14. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga (incorporase punto 3)
Aneiros Pereira, Jaime (retírase punto 5)
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Fernández Pérez, José Manuel (conexión telemática)
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria (retírase punto 7)
Pardo Espiñeira, Francisco Javier

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

NON ASISTEN:

Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do grupo Socialista..
Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro grupo Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e catro minutos (09:04) do día nove de setembro do ano dous mil vinte e catro (09/09/24), coa Presidencia da Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do seu titular, o Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que da fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(146). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 29 DE XULLO E EXTRAORDINARIA DO 20 DE AGOSTO DE 2024.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (24) da Corporación apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 13/2024 ordinaria, celebrada o 29/07/24.
- Sesión núm. 14/2024 extraordinaria, celebrada o 20/08/24.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(147). DETERMINACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS NO ANO 2025. EXPEDIENTE PLENO 4567/1101.

ANTECEDENTES: Con data 20.08.24, a concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta;

«O artigo 37.2, paragrafo primeiro, do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores,

establece un máximo de catorce festas laborais ao ano, con carácter retribuído e non recuperable, das cales dous serán locais

No mesmo senso o artigo 46 do RD 2001/1983, do 28 de xullo determina que serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición séxanlle propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente– e publicándose no «Boletín Oficial da Comunidade Autónoma» e, no seu caso, no «Boletín Oficial da Provincia» respectiva.

No DOG núm. 143 do 24/07/2024 se publica o Decreto 171/2024, do 8 de xullo, “polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025”.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (registro de entrada núm. R20240057352 do 29/07/2024, cód. doc. 240232155) solicita dos concellos que sinalen os dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dentro do seu termo municipal para 2025.

Polo exposto, previo ditame da Comisión Informativa competente, procede propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo.../...»

De seguido a concelleira informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. Con data 2 de setembro de 2024, a Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos membros presentes (24) o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Sinalar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Vigo para o ano 2025, as seguintes.

- o día 4 de marzo de 2025, Martes de Entroido.
- o día 28 de marzo de 2025, Festa da Reconquista.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais. Traballo Autónomo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

*.- **Incidenca.** Co permiso da Presidencia, sendo as 9:15 h., incorpórase á sesión a concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Alonso Suárez. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

3.(148). APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO,

CORRESPONDENTE AO ANO 2023. EXPTE. 279/143 (EXPTE. PLENO 4539/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 2 de xullo de 2024, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe proposta,

«Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2023, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 7 de maio de 2024 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 20 de maio de 2024 foi exposta ao público polo prazo que regulamenta o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra nº 106 do 31 de maio, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 21 de xuño, e segundo consta na comunicación do Rexistro que figura no expediente, no prazo de exposición o público, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, sométese á consideración do Pleno da Corporación.

O Ditame da Comisión Especial reflectía que de non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno.

En cumprimento do previsto no artigo 212.5 do TRLRFL coa modificación incorporada pola DF 19 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, unha vez que o Pleno se haxa pronunciado, aprobándoa ou rexeitándoa, remitirase ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para o seu pronunciamento antes do día 1 de outubro.

En execución do anterior, segundo certificación que consta no expediente, ao non terse presentado reclamacións nin alegacións no prazo de exposición pública que regula o artigo 212.3 do TRLRFL, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo.../...»

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 2.09.24, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito votos (8) en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez,

e dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

- a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2022), correspondente á Entidade Local, saldo acredor 44.849.216,06 euros e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo acredor 459.825,31 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- b) Aprobar a dotación de amortizacións na Entidade por unha contía de 7.707.505,80 euros e 7.751.024 euros nos estados consolidados.
- c) En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 35.243.979,34 euros na Entidade é 36.706.435,05 euros para os estados consolidados.
- d) Aprobar a Reclasificación da débeda en relación coa liquidación negativa da cesión de tributos e FCF do ano 2020 de longo prazo a curto prazo polas compensacións que corresponden ao ano 2023/2024, por una contía de 9.834.411,73 euros.
- e) Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2023, composta polos seguintes estados e contas anuais:
 - Balance.
 - Conta de resultado económico-patrimonial.
 - Estado de cambios no Patrimonio Neto.
 - Estado de fluxos de efectivo.
 - Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
 - Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2023.
 - Estados consolidados do grupo de consolidación de acordo ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade Orzamentaria e sostibilidade financeira que serán enviados ao Consello de Contas de Galicia.

O artigo 209.4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), tras a modificación introducida pola Lei 3/2017 de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, establece a obrigaón das entidades locais de formular contas consolidadas nos termos previstos nas normas de consolidación para as entidades locais a aprobar polo ministro de Facenda e Función Pública.

Estas normas foron aprobadas pola Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, e tras a súa aprobación, os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes e entidades locais de ámbito superior están obrigadas a formular contas anuais consolidadas dos exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2022. A partir do 1 de xaneiro de 2024 deberán facelo as demais entidades locais.

En relación co formato, o Tribunal de Contas considerou o novo formato recomendado pola IGAE na Resolución de 22 de decembro de 2022 como adecuado para seguir avanzando na rendición de contas en soporte informático.

En consecuencia co anterior, a remisión e formato da Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia farase segundo a Resolución de 27 de febreiro de 2023, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 23 de febreiro de 2023, pola que se modifica a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato de dita Conta, a partires da correspondente ao exercicio 2015 .

4.(149). DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO 2024, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 287/143 (EXPTE. PLENO 4575/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de Tesourería, de data 5.08.24, que di o que segue,

«Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2023.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2024, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que "Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación".

A información que se remite corresponde ao SEGUNDO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de XUÑO de 2024.

O formato dos informes que se relacionan da Entidade e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, son extraídos do aplicativo GEMA, tanto dos informes de da Execución Trimestral como do avance da Conta Xeral ao 30/06/2024.

Información sobre as entidades do Grupo con Orzamento Limitativo

Gastos por capítulos do exercicio Corrente da Entidade o da XMU
Ingresos por capítulos do exercicio Corrente da Entidade o da XMU
Gastos e ingresos por capítulos máis resultas da Entidade o da XMU

Gastos por capítulos de ejercicios pechados da Entidade o da XMU
Ingresos por capítulos de ejercicios pechados da Entidade o da XMU
Modificacións Orzamentarias da Entidade o da XMU
Devolución de ingresos da Entidade o da XMU
Recadación Neta da Entidade o da XMU
Saldos non orzamentarios (Debedores, Acredores, Ingresos e pagos pendentes de aplicación) da Entidade o da XMU
Remanente de Tesourería da Entidade o da XMU
Resultado Orzamentario da Entidade o da XMU
Acta de arqueo da Entidade o da XMU
Estado de Tesourería da Entidade o da XMU
Flujos de Efectivo da Entidade o da XMU
Estado da débeda financeira
Balance de Comprobación da Entidade o da XMU

Estados consolidados

Gastos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados
Ingresos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados
Gastos por aplicación do exercicio corrente dos estados consolidado
Ingresos por subconceptos do exercicio corrente dos estados consolidado

Outra información:

En relación coa corrente financeira, hay que distinguir entre os efectivo do estado de Remanente de Tesourería, da Acta de Arqueo-Estado de Tesourería e os Fluxos de efectivo.

O efectivo do Remanente de Tesourería, o conforman os saldos das contas bancarias e caixa, menos o saldos das contas de pagos a xustificar menos os saldos das contas de orde de pagos e cobros da tesourería (contas 557 e 575)

A acta de Arqueo e o Estado de Tesourería reflicten o saldo de todas as contas, incluíndo as de orde de cobros e pagos, así como os saldos das contas de pagos a xustificar.

O estado de fluxos de efectivo, reflicte o saldo de todas as contas, agás as de orde de cobros e pagos (557).

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto do exercicio corrente como de pechados.

A mesma será incorporada á páxina web.

Se envía para a súa remisión ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, de data 2 de setembro de 2024 queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao segundo trimestre do 2024, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

*.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

*.- **Incidencia.** Co permiso da Presidencia, sendo as 9:44 h., auséntase da sesión o concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Aneiros Pereira. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

MOCIÓNS:

5.(150). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONEXIÓN FERROVIARIA DE VIGO E A SÚA ÁREA METROPOLITANA. EXPTE. PLENO 4599/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2024, número 4599/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONEXIÓN FERROVIARIA DE VIGO E A SÚA ÁREA METROPOLITANA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na cidade de Vigo e na súa área son importantes e históricos os déficits no que ten a ver coa súa conexión ferroviaria. A recente chegada do tren de alta velocidade a Galiza, case tres décadas despois da súa entrada en funcionamento noutros territorios do Estado e após continuadas dilacións por causa da falla de compromiso dos sucesivos gobernos españois, non resolve estas necesidades. Xa non por ficar pendente a mil veces prometida conexión directa de Vigo coa meseta, senón tamén polos escasos avances para a materialización da estratéxica saída Sur de alta velocidade con Porto e, sobre todo, pola falla de actuacións na rede ferroviaria interna.

A Saída Sur é unha conexión estratéxica para Vigo e a súa área, e tamén para o conxunto de Galiza, que permitiría reforzar o papel da área viguesa como motor da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal e configuraría a nosa cidade como un nodo ferroviario de primeira magnitude. Contrasta, neste sentido, a aposta decidida que o goberno portugués está a facer en favor deste proxecto coa notábel falla de avances no Estado español desde o ano 2007.

Na actualidade, a Saída Sur fica continúa pendente dun novo estudo informativo, após a caducidade dos anteriores, que o propio Ministerio de Transportes recoñeceu -o

pasado mes de xullo- non estará listo antes do primeiro trimestre de 2025 así como que o inicio das obras non se producirá antes do ano 2029, facendo practicamente imposible que a conexión estea operativa no horizonte do ano 2030, como se comprometeu o Goberno español no acordo de investidura subscrito entre PSOE e BNG, e facendo mesmo moi complexo que entre en funcionamento no 2032. Resulta, ademais, moi preocupante que a Comisión Europea teña recollido como horizonte temporal para a entrada en funcionamento da conexión de alta velocidade entre Vigo e Porto o ano 2040.

A día de hoxe, a única conexión ferroviaria existente entre Vigo e Porto é a que realiza o Tren Celta, servizo que é compartido por Comboios de Portugal e Renfe e que consta de dúas frecuencias ao día: desde Vigo ás 8.58 h e ás 19:56h, e desde Porto ás 8:13 e ás 19:10h. Non existe outra área transfronteiriza en Europa que una dúas grandes conurbacións como as áreas de Vigo e Porto que presente unha conexión ferroviaria tan raquíta. No entanto, a pesar das deficiencias, insuficiencias, avarías e os prolongados tempos de viaxe, este corredor volveu experimentar un novo récord de viaxeiros desde que se restabeleceu o servizo en outubro de 2021, o que acredita a necesidade da súa mellora e alargamento.

Mais para alén da importancia das conexións de longo percorrido, for con Portugal ou coa meseta, os servizos ferroviarios precisan dunha mellora substancial na súa rede convencional e interior. A actual oferta de Media Distancia presenta disfuncións tan graves como que a conexión entre Vigo e Lugo teña un tempo de traxecto de 4h 12 minutos, por encima do que se tarda arestora en chegar a Madrid, ou que non exista unha conexión directa entre dúas urbes do Eixo Atlántico como son Vigo e Ferrol.

A realidade que segue a padecer a veciñanza da cidade e do conxunto da área de Vigo é a de continuarmos con menos conexións, frecuencias e prazas dispoñíbeis das que se precisan para satisfacer a demanda.

Un exemplo paradoxal é que o último servizo ferroviario da liña que conecta Vigo coa Coruña conclúa ás 21:50h (e ás 21:25 en sentido contrario), cando na meirande parte das cidades cunha densidade poboacional parella á de Vigo os servizos ferroviarios finalizan a partir das 23:00h. Ademais, seguen a ser continuados os atrasos nos primeiros trens da mañá con partida desde Vigo o que provoca que as persoas que o utilizan para se deslocar aos seus postos de traballo ou centros de estudo, nomeadamente en Compostela ou na Coruña, cheguen sistematicamente tarde, cos prexuízos que iso supón. Unha situación denunciada polas persoas usuarias, que ten causa na demora na chegada dos trens a Vigo, nas reiteradas avarías, mais tamén nas aglomeracións no control de acceso e tamén na insuficiencia de prazas ofertadas.

En consecuencia, é imprescindible levar a cabo unha reorganización dos horarios da conexión Vigo-A Coruña, reforzando os servizos nas franxas de maior demanda: primeira hora da mañá, mediodía e tarde noite e recuperar os seis servizos ferroviarios que existían antes da pandemia entre Vigo-Guixar e Pontevedra.

Coa experiencia do inicio de curso pasado cómpre despregar medidas para asegurar a óptima operatividade dos trens do Eixo Atlántico ferroviario, de media distancia e Avant na Galiza para que non se repita o sucedido en setembro de 2023, cheo de retrasos e avarías. É fundamental garantir a mobilidade diaria dos galegos e das galegas e asegurar a puntualidade dos trens do Eixo Atlántico. Unha puntualidade que para está ligada ao incremento das frecuencias.

Aliás, atendendo as previsións do propio Ministerio de Transportes polas consecuencias de actuacións en diferentes puntos da rede ferroviaria é preciso que se habilite un Plan de Incidencias e de transporte alternativo para evitar que os usuarios e usuarias do tren padezan horas de espera en vías, en trens abarrotados ou en estacións aconteceu este mes de agosto cos retrasos de servizos Vigo-Madrid. Un Plan de Incidencias e de Transporte alternativo que priorice a atención aos viaxeiros e viaxeiras para que non sufran durante horas as consecuencias e que implique a posta en marcha automática dun protocolo que facilite os traslados noutros medios e a atención áxil para minorar as molestias.

Por outra parte debe rectificarse o cambio nos requisitos aplicado desde o pasado 1 de xullo para a devolución do prezo dos billetes nos servizos AVE, Avlo, Euromed e Intercity xa que supón un retroceso e empeora os dereitos dos viaxeiros e viaxeiras dos servizos ferroviarios. Resulta evidente que os constantes incidentes, demoras e problemas que se están a producir, en particular nos servizos entre Galiza e Madrid, teñen moito que ver con esta decisión.

O importante aumento da demanda dos servizos ferroviarios, nomeadamente no caso da rede de Media Distancia, evidenciou a importancia dun maior desenvolvemento da conexión ferroviaria pero tamén deixou patente a insuficiencia da oferta actual, tanto no que ten a ver cos horarios como co número de prazas ofertadas, e a necesidade de seguir avanzando no abaratamento das tarifas.

É claro que as políticas do Estado coa Galiza en materia de infraestruturas esqueceron impulsar a modernización da rede ferroviaria interna e dotar de servizos adecuados o noso País. A día de hoxe, na Galiza non existen os servizos de proximidade de Renfe, nin nas principais cidades e áreas urbanas, como é o caso de Vigo. Ningún Goberno español soubo explicar até agora esta situación cando existen outras cidades no Estado, con 270.000 habitantes e áreas urbanas con apenas 400.000 que si posúen servizos de 'cercanías' de Renfe, pero Vigo e a súa área funcional con máis de 500 mil habitantes fican sen ela.

Urxe, xa que logo, a posta en marcha dunha rede tren de proximidade, ou cercanías, que vertebre a contorna metropolitana de Vigo e que a conecte polo norte coa área de Pontevedra e polo sur até Tui, para configurar, desta maneira, o tren como unha alternativa real ao transporte por estrada. Isto esixe acelerar os procesos de licitación para garantir o cumprimento do compromiso suscrito no acordo de investidura co BNG para a súa posta en marcha esta lexislatura.

Por outra parte, a coexistencia de dúas estacións de tren na cidade, Guixar e Urzaiz, precisa dunha mellor conexión entre ambas, cuestión que non se resolveu coa instalación do ascensor HALO, nomeadamente na perspectiva de que Guixar poida asumir no futuro os servizos ferroviarios de proximidade, para o que cómpre aumentar os servizos actuais de bus urbano e estudar a posíbel implantación dunha liña lanzadeira que as conecte de maneira coordinada coas frecuencias dos trens.

Avanzar de maneira decidida por unha mellor conexión ferroviaria para Vigo e no conxunto da Galiza, pasa por dotar o noso País dun ente xestor ferroviario propio, o Galtren, que xestione a rede de media distancia e de proximidade, para o que se fai indispensábel que a Xunta de Galiza negocie a transferencia a Galiza da xestión da rede ferroviaria interna e licite a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación do Ente Ferroviario Galego.

Polo que, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Instar ao Goberno español a:
 - 1.1 Mellorar de maneira substancial a conexión ferroviaria de Media Distancia da cidade de Vigo, aumentando frecuencias e prazas ofertadas, garantindo a puntualidade e completando as conexións directas con todas as cidades galegas e adecuando os horarios ás necesidades da poboación.
 - 1.2 Ter un compromiso real e práctico, en termos orzamentarios, que permita a posta en marcha no horizonte do ano 2030 da Saída Sur de alta velocidade que conecte Vigo e Porto.
 - 1.3 Promover a mellora da actual conexión entre Vigo e Porto, dotando de máis frecuencias e mellor servizo o Tren Celta.
 - 1.4 Licitación de inmediato o estudo que permita a implantación do tren de cercanías na área de Vigo, para garantir a súa entrada en funcionamento antes do remate da actual lexislatura.
 - 1.5 Adoptar as medidas que foren precisas para a mellor organización e funcionamento dos servizos ferroviarios da estación Vialia-Vigo.
 - 1.6 Habilitar un Plan de incidencias e de transporte alternativo e a rectificación dos requisitos para a devolución do prezo dos billetes nos servizos AVE, Avlo, Euromed e Intercity para recuperar os anteriores (50% por 15 minutos de atraso e 90% por 30 minutos)
- 2 Instar a Xunta de Galiza a:
 - 2.1 Negociar co Estado a transferencia das competencias sobre a xestión da rede ferroviaria interna de Galiza.
 - 2.2 Licitación a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación dun Ente Ferroviario Galego.
- 3 Instar ao Goberno municipal a mellorar a conexión por bus urbano das dúas estacións de ferrocarril da cidade así como estudar a posta en marcha dunha lanzadeira regular entre ambas."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

*.- **Incidencia.** No momento da votación atópanse ausentes da sesión as concelleiras do grupo municipal socialista, Sra. Aguiar Castro e Sra. Espinosa Mangana. Continúa a votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e catorce (14) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Alonso Suárez, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 4.09.24 (Rex. Nº 4599/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "Medidas para a mellora da conexión ferroviaria de Vigo e a súa Área Metropolitana", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(151). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ASUMIR OS CUSTOS DE SOGAMA, A TRAVÉS DO CANON DESTA ENTIDADE AUTONÓMICA. EXPTE. 4602/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2024, número 4602/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), empresa controlada pola Xunta de Galicia, viña aplicando unha bonificación aos Concellos que aplicasen medidas para facilitar a reciclaxe. Esta bonificación non só foi eliminada senón que se incrementou o canon cobrado aos Concellos de xeito obrigatorio.

En efecto, o Canon de SOGAMA pasou de 61,71 euros por tonelada no 2023 a 96,86 euros no segundo semestre de 2024, curiosamente despois das eleccións autonómicas. Este feito inesperado, realizado no mes de xullo e contra o criterio dos Concellos de Galicia, ten un impacto nas arcas públicas municipais. Concretamente, o Concello de Vigo pasará a ter que pagar 2,2 millóns máis tan só nos últimos cinco meses de 2024, pola mala xestión da sociedade autonómica posto que dos 5,8 millóns do canon pasará a ter que aboar 8 millóns.

Pero é que, o xoves 29 de agosto, se facía público que "*SOGAMA subirá un 65% a tarifa que aplica aos Concellos en 2025: 108 euros por tonelada*". Esta segunda subida do Canon a 118,8 euros por tonelada, se temos en conta o IVE, supón un incremento desproporcionado de custes tanto para os Concellos como para a cidadanía. Así, para o Concello de Vigo suporá unha factura que supera os 10,1 millóns de euros ou, o que é o mesmo, un incremento do canon de 4,3 millóns.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a asumir os custos de SOGAMA, debido a desastrosa xestión, que traslada ao Concello de Vigo, e polo tanto á cidadanía, a través do canon desta entidade autonómica, e que desta forma non suba nin un céntimo o que teña que pagar o Concello de Vigo nin os cidadáns.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

*.- **Incidencia.** *Co permiso da Presidencia, reincorpórase á sesión a concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Aguiar Castro. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

VOTACIÓN: Con dezoito votos (18) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2024 (Rex. Nº 4602/1101), pola concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, "*instando á Xunta de Galicia a asumir custos de SOGAMA a través do canon desta entidade autonómica*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** *Co permiso da Presidencia, sendo as 10:26 h., auséntase da sesión a concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Mejias Sacaluga. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

7.(152). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INVESTIR NA MELLORA, APROVEITAMENTO E ENRIQUECIMENTO DOS ESPAZOS EXTERIORES DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS VIGUESES. EXPTE. PLENO 4603/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2024, número 4603/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"As contornas naturais e ao aire libre son de vital importancia para o desenvolvemento integral dos nenos, nenas e adolescentes, polo seu benestar físico e tamén social, mental e afectivo. Non só o contacto coa natureza, tamén o tempo de xogo e relación ao aire libre.

Os nenos e nenas, durante a súa vida escolar, pasan moitas horas no patio da súa escola como espazo de xogo libre, as que lle debemos sumar as horas de educación física, as das actividades de aprendizaxe curricular que fan ao aire libre e as das actividades extraescolares.

Moitas horas nuns espazos que teñen que poder facilitar a aprendizaxe, o xogo, o movemento e a construción de relacións e experiencias de calidade baseadas na igualdade e o respecto pola diversidade.

Entre a comunidade educativa hai un claro consenso en que todo o espazo exterior do centro é un espazo educativo moi relevante para a mellora da saúde e benestar, para as aprendizaxes ao aire libre, como espazos de socialización,...

Promocionar a actividade física na contorna escolar ademais de ser beneficiosa para a saúde favorece o benestar psíquico e as relacións interpersoais entre o alumnado.

Pero tamén é necesario que eses espazos exteriores ofrezan outra diversidade de xogos e posibilidades, e que poidan permitir o goce da natureza, o seu coidado e experimentación e a aprendizaxe nela.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a investir na mellora e aproveitamento de todos os espazos exteriores dos centros educativos públicos vigueses, moitos deles en estado calamitoso neste momento, para que se convertan en verdadeiros espazos educativos.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

*.- **Incidencia.** *Co permiso da Presidencia, reincorpórase á sesión a concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Espinosa Mangana. Continúa a votación coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

VOTACIÓN: Con dezaoto votos (18) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2024 (Rex. Nº 4603/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "*instando á Xunta de Galicia a investir na mellora, aproveitamento e enriquecemento dos espazos exteriores dos centros educativos públicos vigueses*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(153). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO RESPONSABILIDADES POLÍTICAS POLA ACTUACIÓN DO EX-PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA E DO ACTUAL, ASÍ COMO OS RESPONSABLES POLÍTICOS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE NA DATA DA TOMA DE DECISIÓN DA ALTERNATIVA DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO. EXPTE. 4604/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2024, número 4604/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2017 incluía o informe de fiscalización o contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. E tiña como finalidade a análise do contrato de concesión de obras públicas para a redacción do proxecto técnico, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. O Plan de traballo do Consello de Contas para o 2022 inclúe a reprogramación do devandito informe e amplía o obxecto inicial da fiscalización á execución do contrato ata o exercicio 2021.

O informe de alcance da fiscalización citado deuse a coñecer o pasado día 31 de xullo de 2024.

Trátase dunha auditoría de regularidade e operativa, co fin de comprobar a adecuación á normativa que regula a contratación, os aspectos financeiros derivados dela e o cumprimento dos obxectivos.

Poderíamos analizar moitos aspectos como pode ser a análise económica do contrato e alternativas, onde queda de manifesto que "en termos económicos, a alternativa da licitación da obra por unha banda, e a licitación de contratos de servizos por outra, é máis eficiente que o contrato de concesión realizado, xa que se poderían alcanzar resultados similares a un menor custo".

"A diferenza estimada entre o importe da proxección de pagos de ambas as alternativas é de 470.469.422 euros (con IVE)"

O contrato fiscalizado polo Consello de Contas, é un contrato de concesión de obra pública, cuxo obxecto inclúe a construción e explotación do novo hospital de Vigo, así como a prestación de servizos non sanitarios no perímetro concesional do novo Hospital Universitario de Vigo, que abrangue o novo hospital de Vigo, o Hospital do Meixoeiro e o Hospital Nicolás Peña e a explotación comercial do novo hospital de Vigo. A ampliación do obxecto do contrato ao Hospital Meixoeiro e ao Nicolás Peña, nos que non se realizou ningunha actividade construtiva, non ten soporte legal na definición de concesión de obra pública contida na lexislación de contratos vixente no momento da licitación.

Por tanto, o grupo municipal do PsdeG-PSOE, ante a gravidade das conclusións que recolle o informe do Consello de Contas sobre a fiscalización do contrato de colaboración público privada do Álvaro Cunqueiro, solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Esixir responsabilidades políticas pola actuación do Ex_presidente da Xunta de Galicia, Sr. Feijoo, e do actual Presidente da Xunta, Sr. Rueda, así como os responsables políticos da Consellería de Sanidade na data da toma da decisión da alternativa de construción e explotación do Hospital Alvaro Cunqueiro, por haber incurrido en sobre custos de 470 millóns de euros no contrato de construción e explotación."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezoito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2024 (Rex. Nº 4604/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, *"esixindo responsabilidades políticas pola actuación do ex-presidente da Xunta de Galicia e do actual, así como os responsables políticos da Consellería de Sanidade na data da toma de decisión da alternativa de construción e explotación do Hospital Alvaro Cunqueiro"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

9.(154). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN PARA ANALIZAR AS CIRCUNSTANCIAS NAS QUE SE PRODUCIU E RODEARON O ACCIDENTE MORTAL NA ATRACCIÓN DO SALTAMONTES NAS FESTAS DE MATAMÁ. EXPTE. PLENO 4600/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2024, número 4600/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A madrugada do pasado sábado de 3 de agosto, un accidente na atracción de feira do Saltamontes acontecido no transcurso das festas de Matamá custáballe a vida a un vigués de 36 anos, Iván Castaño Hervella, logo de que, por motivos que se están a investigar, se desprendera un brazo da máquina.

Unha atracción que, tal e como o propio Concello recoñeceu posteriormente, non contaba coa autorización municipal para poder funcionar nesas festas na honra de Nosa Señora das Neves, pero que aínda así estivo traballando con total normalidade ata o fatal accidente, sen que ninguén fixera absolutamente nada.

Poucos días máis tarde, este grupo municipal do Partido Popular revelou e confirmou que dita atracción estivo tamén previamente funcionando de xeito irregular durante as festas de Santa Ana, en Beade, do 25 ao 28 de xullo, malia estar igualmente desautorizada polo Concello por documentación incompleta. Catro días nos que tampouco o Concello deu orden de mandar precintar a atracción de feira por incumprir a normativa vixente.

Precisamente nese expediente relacionado coas festas de Beade, xusto despois de concluír a desautorización do Saltamontes, faise constar que `o Concello de Vigo non

dispón do Plan de Inspeccións de espectáculo públicos e actividades recreativas segundo a Disposición final cuarta da Lei 7/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, nin os medios para a inspección e comprobación que acredite que as instalacións e montaxes reúnen as medidas necesarias de seguridade e solidez de todos os seus elementos, segundo o artigo 7 do Decreto 226/2022 de decembro polo que regúlanse determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas (....)'.

Máis aló, xa que logo, da investigación xudicial ao respecto deste tráxico suceso para establecer as causas concretas do faio mecánico que provocou o fatal accidente e xulgar as eventuais responsabilidades penais no caso de habelas, resulta de todo evidente a necesidade e o deber que ten esta corporación de coñecer por que o Concello de Vigo incumpre reiteradamente a súa obriga de controlar e supervisar as distintas atraccións de feira que se instalan nas nosas festas e nomeadamente, porque non deu a orden de mandar precintar o Saltamontes se esta atracción non contaba cos permisos municipais. Unha máquina que non está a funcionar é de todo imposible que poida ter un accidente. I esa é responsabilidade do Goberno local, da que debe dar conta.

Un Goberno municipal, porén, que ata o presente aínda non ten dado a cara en ningún momento con respecto a este asunto, agochado debaixo de comunicados de prensa nos que a principal intención non é responder as preguntas e aclarar as dúbidas que aínda existen senón máis ben todo o contrario, lavar as mans e repartir culpas entre todo os demais, xa sexa a Comisión de Festas de Matamá ou a Policía Local, como se nada fose con el, nunha actitude absolutamente rexeitable e vergoñenta.

E por iso que na sesión ordinaria do pleno do día 2 de setembro, cando xustamente se cumpre un mes do accidente, o Partido Popular vai esixir a este goberno que dea a cara, asuma a súa responsabilidade e permita que coñezamos non só cales foron as circunstancias concretas que rodean este desgraza senón tamén o procedemento habitual do Concello á hora de supervisar e controlar as festas e espectáculos públicos así como as atraccións que autoriza nelas.

Por os motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que:

ACORDOS:

.- Crear, en virtude do artigo 35 do Regulamento Orgánico do Pleno, unha Comisión Especial de Investigación na que abordar e analizar as circunstancias nas que se produciu e rodearon o accidente mortal na atracción do Saltamontes durante as festas na honra de Nosa Señora das Neves, en Matamá, na madrugada do 3 de agosto así como a normativa e o procedemento municipal ao respecto do proceso de autorización, control e supervisión das atraccións de feira nas festas patronais que se celebran na nosa cidade."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con oito (8) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e quince (15) votos en contra, dos membros

presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 4.09.2024 (Rex. Nº 4611/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "*instando a creación dunha Comisión Especial de Investigación para analizar as circunstancias nas que se produciu e rodearon o accidente mortal na atracción do Saltamontes nas Festas de Matamá*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

10.(155). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 22/07/24 E O 30/08/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1737/1102 (EXPTE. PLENO 4595/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/07/24 e o 30/08/24, incluídas no expediente 1737/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

11.(156). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 22/07/24 E O 30/08/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1738/1102 (EXPTE. PLENO 4596/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 22/07/24 e o 30/08/24, incluídas no expediente 1738/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

12.(157). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 24.07.24, DE DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL POLOS FALECIDOS NO NAUFRAXIO DO BUQUE PESQUEIRO ARGOS GEORGIA EN MALVINAS. EXPTE. 1309/1102 (EXPTE. PLENO 4597/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 24.07.24, que di o que segue,

«Como testemuño da dor do Concello de Vigo e en sinal de condolencia coas familias, compañeiros e persoas achegadas dos falecidos no naufraxio do buque pesqueiro Argos Georgia en Malvinas, singularmente de César Acevedo Durán, patrón de pesca, natural de Vigo, esta Alcaldía en virtude das competencias atribuídas polo artigo 124.ñ da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVE

PRIMEIRO.- Declarar UN DÍA DE LOITO OFICIAL dende as 12:00 horas de hoxe ata as 12 horas do día 25 de xullo, durante as cales as bandeiras de todos os edificios municipais ondearán a media hasta en sinal de dor.

SEGUNDO.- Publicar a resolución no taboleiro de edictos e na páxina web municipal para coñecemento da veciñanza dándose conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre.»

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía de declaración de loito oficial polos falecidos no naufraxio do buque pesqueiro. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

13. FORMULACIÓN DE ROGOS.

13.1.(158). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Que se active un Plan Urbano de Seguridade Viaria que poña fin ao incremento de atropelos que estamos a vivir na cidade nos últimos tempos e que que teña como obxectivo cero mortes por esta causa na cidade».

13.2.(159). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Que se reforce a presenza da policía local no entorno das rúas Marqués de Valterra e Torrecedeira, diante do aumento da inseguridade cidadá que se ven manifestando nos últimos tempos, tal e como veñen denunciado os veciños, desesperados polas constantes pelexas e roubos con violencia que se están rexistrando».

14. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

14.1.(160). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «¿Vai actuar o Goberno municipal para mediar e facilitar un acordo satisfactorio que impida a reactivación. en pleno reinicio do curso escolar e da actividade laboral do conflito na empresa VITRASA concesionaria do servizo municipal de transporte urbano da cidade?».

14.2.(161). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Qué medidas adoptou ou vai adoptar este goberno municipal, diante do reiterado incumprimento da compañía aérea Ryanair, do contrato suscrito con este concello, logo de que no mes de xuño e tamén no mes de setembro retire unha das frecuencias semanais comprometidas, como é Vigo-Londres?».

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario agosto
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 9 de Septiembre de 2024 09:02:46
Fecha Fin : Lunes, 9 de Septiembre de 2024 11:26:39
Duración : 02:23:53

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3484

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.9 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/Gzi7tBPFRL1eRbWkmqK0tuHQ6GBRG8lYm6GQ41wAPRHS8hqh.wmv>
SHA512 - d035f5eac84d033d596fdc52e3640f9f839f01b2ff9e246ec150b4d117ebcf654ed151b1318a5f01c2322702f53bf10b85a337bd217f44c27f013e9ddd5f8f99

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 761 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/gD0SuvuGCfo0SFV8t93s9lHAYnPxGIp2SDiRjro8PyBPHCPP.mp4>
SHA512 - b8ea90a1daefe9498cc6afcc5e58161e8744eaff3e51689cda975357d678e8fd96353f302c7f70d92654f8f3677b3953b94b8abb2dcfe739907b67d6e4b437c3

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier;
00:01:03 - Silva Rego, Carmen
00:01:31 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 29 de xullo e extraordinaria do 20 de agosto de 2024.
00:01:56 : 2. Determinación das festividades locais no ano 2025. Expediente Pleno 4567/1101.
00:02:15 : 3. Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao

ano 2023. Expte. 279/143 (Expte. Pleno 4539/1101).

- 00:02:34 - Aneiros Pereira, Jaime
00:07:03 - Silva Rego, Carmen
00:07:13 - Pérez Iglesias, Xabier
00:12:16 - García González, Patricia
00:17:22 - Silva Rego, Carmen
00:17:31 - Aneiros Pereira, Jaime
00:18:45 - Silva Rego, Carmen
00:19:07 - Aneiros Pereira, Jaime
00:20:31 - Silva Rego, Carmen
00:20:45 - Votación [9:23:31]
- 00:21:14 : 4. Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao segundo trimestre do 2024, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 287/143 (Expte. Pleno 4575/1101).
00:21:33 - Aneiros Pereira, Jaime
00:26:35 - Silva Rego, Carmen
00:26:54 - Pérez Iglesias, Xabier
00:31:58 - García González, Patricia
00:36:59 - Aneiros Pereira, Jaime
00:40:06 - Silva Rego, Carmen
00:40:42 - Minuto de silencio por vítimas de la violencia machista[9:43:40]
- 00:41:55 : 5. Moción do grupo municipal do BNG sobre medidas para a mellora da conexión ferroviaria de Vigo e a súa Área Metropolitana. Expte. Pleno 4599/1101.
00:42:29 - Pérez Iglesias, Xabier
00:47:35 - Silva Rego, Carmen
00:47:38 - Martín Peña, José Miguel
00:52:08 - Silva Rego, Carmen
00:52:15 - López Font, Carlos
00:57:20 - Silva Rego, Carmen
00:57:28 - Pérez Iglesias, Xabier
01:00:37 - Silva Rego, Carmen
01:01:32 - Votación [10:03:20]
- 01:01:57 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a asumir os custos de SOGAMA, a través do canon desta entidade autonómica. Expte. 4602/1101.
01:02:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:07:24 - Silva Rego, Carmen
01:07:33 - Pérez Iglesias, Xabier
01:12:38 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:17:41 - Silva Rego, Carmen
01:17:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:20:53 - Silva Rego, Carmen
01:23:01 - Silva Rego, Carmen
01:23:09 - Votación [10:23:58]
- 01:23:13 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a investir na mellora, aproveitamento e enriquecemento dos espazos exteriores dos centros educativos públicos vigueses. Expte. Pleno 4603/1101.
01:23:34 - Alonso Suarez, María Olga
01:28:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:28:50 - Martínez Piñeiro, Ana
01:33:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:33:25 - Benavides Alonso, Daniel
01:39:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:39:51 - Alonso Suarez, María Olga
01:42:39 - Silva Rego, Carmen
01:42:58 - Votación [10:45:35]

- 01:43:13 : 8. Moción do grupo municipal Socialista esixindo responsabilidades políticas pola actuación do ex-presidente da Xunta de Galicia e do actual, así como os responsables políticos da Consellería de Sanidade na data da toma de decisión da alternativa de construción e explotación do Hospital Alvaro Cunqueiro. Expte. 4604/1101.
- 01:43:43 - Espinosa Mangana, Elena
01:48:43 - Silva Rego, Carmen
01:48:51 - Pérez Iglesias, Xabier
01:53:55 - Silva Rego, Carmen
01:53:59 - Sanchez Mendez, Luisa María
01:58:30 - Silva Rego, Carmen
01:58:40 - Espinosa Mangana, Elena
02:01:52 - Silva Rego, Carmen
02:02:13 - Votación [11:04:47]
- 02:02:27 : 9. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando a creación dunha Comisión Especial de Investigación para analizar as circunstancias nas que se produciu e rodearon o accidente mortal na atracción do Saltamontes nas Festas de Matamá. Expte. Pleno 4600/1101.
- 02:02:48 - Martín Peña, José Miguel
02:07:54 - Silva Rego, Carmen
02:07:59 - Abalde Comesaña, Filipe
02:12:59 - Silva Rego, Carmen
02:13:07 - Rodríguez Calviño, Patricia
02:17:34 - Silva Rego, Carmen
02:17:40 - Martín Peña, José Miguel
02:20:47 - Silva Rego, Carmen
02:20:52 - Votación [11:23:38]
- 02:21:06 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/07/24 e o 30/08/24, incluídas no expediente 1737/1102 (Expte. Pleno 4595/1101)
- 02:21:19 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 22/07/24 e o 30/08/24, incluídas no expediente 1738/1102 (Expte. Pleno 4596/1101).
- 02:21:35 : 12. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 24.07.23, de declaración de loito oficial polos falecidos no naufraxio do buque pesqueiro Argos Georgia en Malvinas. Expte. 1309/1102 (Expte. Pleno 4597/1101).
- 02:21:52 : 13. Formulación de rogos.
02:21:58 - Martínez Piñeiro, Ana
02:22:19 - Martín Peña, José Miguel
02:22:41 - Silva Rego, Carmen
- 02:22:45 : 14. Formulación de preguntas.
02:22:50 - Abalde Comesaña, Filipe
02:23:12 - Silva Rego, Carmen
02:23:15 - Martín Peña, José Miguel
02:23:33 - Silva Rego, Carmen

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e vinte e sete minutos (11:27) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación

da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 15/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
M^a del Carmen Silva Rego

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes